

RÚBRICA RESOLUCIÓN DE PROBLEMAS

	EXCELENTE (1 punto)	MOI BEN (0,75 puntos)	BEN (0,5 puntos)	REGULAR (0,25 puntos)	MAL (0 puntos)
IDENTIFICACIÓN DO PROBLEMA	Localiza o obxectivo do problema e expresa os datos con moita claridade empregando un vocabulario matemático axeitado.	Localiza o obxectivo do problema e expresa os datos empregando un vocabulario matemático elemental.	Localiza o obxectivo do problema e os datos pero non os expresa con moita claridade.	Non identifica o obxectivo do problema pero si identifica os datos.	Non sabe identificar o obxectivo do problema nin localizar os datos.
RAZOAMENTO MATEMÁTICO	– Usa un razoamento matemático complexo e refinado. – É quen de aplicar os problemas a calquera situación da vida cotiá.	– Usa un razoamento matemático efectivo. – É quen de aplicar os problemas a algunha situación da vida cotiá.	– Algunha evidencia de razoamento matemático. – Aplica os problemas a situacións sinxelas propostas na clase.	– Pouca evidencia de razoamento matemático, precisa axuda. – É quen de aplicar os problemas a situacións moi sinxelas propostas na clase.	– Non hai evidencia de razoamento matemático aínda con axuda. – Non aplica os problemas a situacións moi sinxelas aínda que teña axuda.
CÁLCULOS REALIZADOS	Resolve as operacións sen ningún erro.	Resolve as operacións con algún erro non significativo.	Resolve todas as operacións aínda que con bastantes erros.	Necesita algunha axuda para resolver as operacións xa que estas non están interiorizadas.	Necesita axuda para a resolución das operacións.
SOLUCIÓN DO PROBLEMA	Expresa pormenorizadamente a solución do problema.	Expresa correctamente a solución do problema.	Da so a solución numérica do problema.	O resultado é incompleto.	Non da o resultado do problema ou o da incorrecto.
COMPROBACIÓN E CORRECCIÓN	– Comproba que o resultado sexa coherente co que se lle pregunta. – Realiza todas as rectificacións de xeito autónomo.	– Comproba que o resultado sexa coherente co que se lle pregunta. – Realiza algunha rectificación.	– Algún erro na comprobación do resultado. – Algunha rectificación do resultado.	– Non comproba o resultado do problema. – Non fai rectificacións agás que se lle indique.	– Non comproba o resultado aínda que se lle indique. – Non fai rectificacións aínda que se lle indique.